



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Patoloxía xeral		Código	750G02008
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Vidan Martinez, Luciano	Correo electrónico	l.vidan@udc.es	
Profesorado	Vidan Martinez, Luciano	Correo electrónico	l.vidan@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral				
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos: Non existemodificación nos contidos da materia 2. Metodoloxías: ó tratarse dunha materia en extinción non hai programación docente. O alumnado unicamente terá dereito a avaliación da materia. Proba mixta: Nas plataformas virtuais da UDC 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Os mecanismos de atención persoalizada serán os medios oficiais da UDC, correo electrónico, Plataforma TEAMS e Moodle. 4. Modificacións na avaliación O exame da materia no caso de que se deunha nova situación de confinamento que impida a realización de probas presenciais realizarase na plataforma Moodle e Teams simultaneamente. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:O profesor da materiafacilitara ó alumnado os enlaces para acceder a bibliografía a través da plataforma Moodle.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Coñecer o concepto anatómico e funcional da enfermidade e a clasificación das enfermidades. Describir a patoloxía dos diferentes órganos, aparatos e sistemas. Semioloxía médica. Dermatoloxía. Reumatoloxía. Traumatoloxía. Neuroloxía. Endocrinoloxía. Procesos vasculares patolóxicos. Patoloxías sistémicas con repercusión no pé.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B13	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar.
B14	Implicación na calidade e busca da excelencia.
B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer as formas comúns de enfermar do organismo	A4		
Recoñecer as consecuencias sobre a función de órganos e sistemas dos diferentes procesos patolóxicos.		B1 B3 B13	
Describir as manifestacións secundarias as alteracións de órganos e sistemas; e coñecer cómo evalualas	A4	B3 B13 B19	
Recoñecer os obxectivos e plans de intervención terapéutica das enfermidades.		B13 B14 B19	C6
Coñecer a semioloxía médica	A4	B19	
Coñecer as patoloxías sistémicas con repercusións no pe	A4	B19	

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade Didáctica I: Patoloxía xeral	Tema 1. Concepto de Patoloxía. Saude e enfermidade. Tema 2. Manifestacións clínicas das enfermidades. Dolor. Febre. Tema 3. Patoloxía inducida por axentes externos: tóxicos, microorganismos, factores ambientais Tema 4. Xenética médica. Tema 5. Inmunoloxía clínica. Tema 6. Principios xerais das enfermidades infecciosas. Tema 7. Principios xerais das enfermidades neoplásicas
Unidade didáctica II: Patología Sistémica	TEMA 8. Patoloxía do aparello dixestivo: deglución, ulcus, alteracións do tránsito intestinal. Síndrome de malabsorción. Tema 9. Bases fisiopatolóxicas do sistema respiratorio. Signos e síntomas da patoloxía pulmonar e pleural. Grandes síndromes de la patoloxía pulmonar e pleural. Insuficiencia respiratoria e as súas consecuencias TEMA 10 Manifestacións da patoloxía do corazón. Semioloxías arterial, venosa e linfática. Grandes síndromes cardiocirculatorios. Insuficiencia cardíaca. Arterioesclerosis.. TEMA 11. Patoloxía do sistema nefrouinario: semioloxía renal e das vías urinarias. Grandes síndromes. TEMA 12. Patoloxía do sistema nervioso. Semioloxía y patoloxía do sistema nervioso. Grandes síndromes do sistema nervioso: da función motora, síndromes de primeira e segunda neurona motora. Patoloxía da coordinación motora. Patoloxía extrapiramidal. Patoloxía da sensibilidade xeral e trastornos sensoriais. Alteración das funcións cerebrais superiores. Patoloxía do sistema nervioso autónomo. TEMA 13. Patoloxía osteoarticular: lesións articulares e óseas. Artrose, artrite. Trastornos do remodelamento óseo. TEMA 14. Trastornos endocrino- metabólicos. Grandes síndromes. Diabetes mellitus.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A4 B1 B3 B13 B14 B19 C6	2	138	140
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	avalacións dos diferentes temas co preguntas cortas e resolución de problemas

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	asesoría os alumnos de recomendacións sobre cómo realizar os traballos e búsquedas bibliográficas

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A4 B1 B3 B13 B14 B19 C6	avalación con preguntas cortas e resolución de problemas. deberá superar o 50 % do examen.	100

Observacións avaliación

A cualificación de Matricula de Honra, dado o seu carácter graciable, concederáse automaticamente ao alumnado que obteña 10 na cualificación media da materia. De haber mais alumnos/as con esa cualificación que matriculas se poidan outorgar pola cota oficial establecida, convocaranse a todos eles para a realización dunha proba específica de desempate. A proba consistirá nun novo exame de características similares ás da proba mixta. O exame fixarase en data e hora de acordo cos interesados. Alumnado en matrícula parcial. O alumnado en matricula parcial debe de comunicalo obrigatoriamente ao profesor responsable da materia ao comenzo do curso. Para este alumnado é obrigatorio a realización do 100% dos traballos tutelados. Oportunidade adiantada de avaliación. O alumnado que se atope nos supostos recolleitos na normativa de xestión académica da UDC, disporá desta opción para superar a materia mediante unha proba escrita de características similares á a recollida no proceso de avaliación que terá un peso do 100% da cualificación final.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Castro del Pozo, Sisinio (2003). Manual de patología general : etiología-fisiopatología. Masson, S.A - Pérez Arellano, J.L. y Castro del Pozo, S (2006). Manual de Patología General. 6ª. ed. . Masson; - GARCIA-CONDE J., MERINO SANCHEZ J., GONZALEZ MACÍAS (2000). Patología general. Semiología clínica y fisiopatología. Mac- Graw- Hill. Interamericana - Farreras Valentí, P. y Rozman, C (1997). Tratado de Medicina Interna.. Salvat Ediciones
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Farmacoloxía/750G02009

Dermatoloxía/750G02026

Materias que continúan o temario

Anatomía humana xeral/750G02001

Fisioloxía xeral/750G02003

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías